

### Actividade extraescolar de natación:

Dende a dirección do Centro Deportivo de Campolongo damos a coñecer a actividade “Natación Extraescolar” para este curso 2024-2025.

Esta actividade de natación terá como fin familiarizar e iniciar na aprendizaxe da natación, cun carácter lúdico, así como a práctica do exercicio físico no medio acuático.

### 1.- Temporalidade da actividade:

A actividade de “Natación Extraescolar” ten carácter anual, comezando o **1 de Outubro de 2023 e rematando o 31 de Maio de 2024**.

Divídese en 2 cuatrimestres:

- O primeiro vai dende o luns 1 de Outubro ata o venres 31 de Xaneiro.
- O segundo vai dende o luns 3 de Febreiro ata o venres 30 de Maio.

Séguese o calendario escolar (o tendes adxunto no correo electrónico)

### 2.- Solicitud de praza:

- As prazas para poder comezar o primeiro día de curso poderán solicitarse ata o **mércoles 18 de Setembro**, no caso do 1º cuatrimestre, e dende o **luns 7 de Xaneiro** ata o **venres 17 de Xaneiro** no caso de 2º cuatrimestre (neste caso, ata o luns 13 de Xaneiro, terán preferencia aqueles que cursasen o 1º cuatrimestre e teñan que pasar de nivel).

- Cada ANPA solicitará prazas entre os días ofertados, sendo 5 o mínimo de rapaces por día/hora elexido e tódolos nenos virán conxuntamente acompañados polos pais e un responsable da ANPA (este non ten que estar físicamente, pero sí localizable).
- Lémbrese que o número de prazas solicitadas polo centro será o número de prazas que se facturarán finalmente á ANPA.
- Para a reserva de prazas pola ANPA, hai que cubrir a folla oficial de solicitude: **“Ficha de Natación Extraescolar”** (documento adxunto).
- Todos os rapaces serán inscritos na actividade a través de solicitude por escrito da ANPA. **En ningún caso se anotarán rapaces directamente na instalación.**
- As reservas irán confirmándose por riguroso orden de chegada dos emails das ANPAS e ata agotar o número máximo de prazas ofertadas.

### 3.- Horario da actividade:

- As actividades terán una frecuencia de 1 clase semanal, a escoller polos centros interesados, e una duración de **45 min por clase**.
- As opcións de horario da actividade serán:
  - **De Luns a Venres** ás 15:45: rapaces que **NON** sepan nadar na piscina profunda (que mide 1,90 metros de profundidade).
  - **De Luns a Venres** ás 15:45: rapaces que **SÍ** sepan nadar na piscina profunda (que mide 1,90 metros de profundidade).
  - **De Luns a Venres ás 16:30: SÓ** rapaces que **SÍ** saben nadar na piscina profunda (que mide 1,90 metros de profundidade).
  - **Opción de abrir grupos as 15:00 se se enche o resto)**

(a clase que comeza ás 15:45 remata ás 16:30; a clase que comeza ás 16:30 remata ás 17:15)

### 4.- Normativa da actividade:

- Lembrámoslles que para poder participar nas clases, todos os rapaces han de traer de xeito **obligatorio un gorro, bañador, gafas e chanclas** (no caso de usar escafpíns, non poderán meterse directamente con eles na auga).
- Na instalación non dispoñemos de material para préstamo, pero si dunha tenda para mercar material de piscina.
- Cada nen@ terá a súa disposición unha taquilla individual, é responsabilidade dos pais empregar un candado para a súa seguridade.

### 5.- Idade mínima dos rapaces:

- Os nenos que desexen vir ó curso de "Natación Extraescolar" han de estar matriculados no vixente ano, como mínimo, **en 2º curso do 2º ciclo de Educación Infantil (nacidos no 2020 ou anos anteriores)**.

### 6.- Normativa vestiaros:

- Hai dous vestiarios para o uso de ANPAS e CLUBES: "familias e grupos", un masculino e un feminino.
- Nestes vestiarios se van acompañados dunha muller deberán ir ó feminino, e se van acompañados dun home ó masculino.
- Os menores de 7 anos poden ir ó feminino de grupos e as menores de 7 anos poden ir ó masculino de grupos.
- Só pode ser un adulto por neno, que usará chanclas na zona de duchas e non permanecerá no vestiario mentres dure a clase (accederá 5 minutos antes de rematar a actividade).

- Os bancos deberán de quedar baleiros mentres dura a actividade, as pertenzas ou se levan con un mesmo, ou se gardan na taquilla.

### 7.- Prezo da actividade:

· O prezo da actividade extraescolar de piscina é de 41,72 euros ao cuatrimestre e farase por adiantado ao ANPA.

### 8.- Formalización da inscrición:

Unha vez que os pais confirmen a inscrición dos seus fill@s ao ANPA e fagan o pago correspondente, será a ANPA a encargada de enviar o total dos nenos á coordinadora de piscina do centro para proceder á súa reserva de praza.

### 9.- Datos de contacto para máis información:

- A persoa de contacto será a coordinadora de piscina Rebeca González.
- Teléfono de contacto do centro: 986 863 855.
- Dirección de correo electrónico: [rportela@beone.es](mailto:rportela@beone.es)
- Para todo lo relacionado con facturas: [begonafernandez@beone.es](mailto:begonafernandez@beone.es)
- Dirección de correo ordinario da instalación: Praza da Constitución s/n C.P: 36003, Pontevedra

Un saúdo.

Pontevedra, a 13 de agosto de 2024.